


# GOLFIÑO N.º I



# INDICE

|  |    |
|--|----|
| -LIMIAR .....                                  | 2  |
| -HOMENAXE A PEÑA .....                         | 3  |
| -DOCUMENTO CIENTÍFICO                          |    |
| Un golfiño que fai historia .....              | 5  |
| -INVESTIGACIÓN                                 |    |
| Os trobadores do Reino de Galicia .....        | 6  |
| -RELATOS                                       |    |
| -¡Coidado! Santa Compañía .....                | 9  |
| -O mar .....                                   | 11 |
| -Crónica dun amor .....                        | 12 |
| -Algo que ocorre .....                         | 13 |
| -POESÍAS                                       |    |
| "Muller de gran corazón" .....                 | 14 |
| "Añoranzas", "Non sei como dicirche que" ..... | 15 |
| "Miña casaña, meu fogar" .....                 | 16 |
| -MEMORIA DUNHA VIAXE .....                     | 17 |
| -UN DÍA CALQUERA: CÓMIC .....                  | 24 |
| -DÚAS PÁXINAS MOI LÓXICAS .....                | 26 |
| -ADIVIÑANZAS .....                             | 28 |
| -AVISO (SOBRE XADREZ) .....                    | 28 |

É gratificante para nós presentar a revista Golfiño do Instituto «Cabo Ortegal» de Cariño, máxime, como ocorrerá no futuro, será o inicio dun proxecto cunha longa vida, alomenos, iso esperamos o equipo de redacción e colaboradores.

Pretendemos que Golfiño sirva para coñecer con maior profundidade a cultura galega, e anime ós lectores da revista a un uso práctico e activo da nosa fala.

Non debemos de esquecer que un idioma nace e úsase segundo a disposición psicolóxica dun pobo.

O noso berro é igual a aquel que en 1.935 expresaba Castelao:



*«O problema do idioma en Galiza é un problema de cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta».*

*Cariño, 17 de Maio de 1998*

*Equipo de Normalización Lingüística*

En nome de toda a comunidade educativa,  
o equipo directivo do Instituto de Cariño  
agradéceche o teu labor docente  
desenvolvido ó longo  
de todos estes anos.

Unha aperta



# *Homenaxe a Antonio Peña*

Dende un primeiro momento consideramos que era unha obriga desta revista, do Equipo de Normalización Lingüística, do profesorado e do alumnado adicarlle unhas humildes liñas desta nacente publicación a Antonio Peña, sen dúbida algunha o mestre máis emblemático que pasou e pasará endexamais polo I.E.S. *Cabo Ortegal* de Cariño, quen debe a súa existencia fundamentalmente ás tarefas da persoa que hoxe cariñosamente lembramos e agasallamos.

Amosaremos agora unha pequena mostra da multitude de feitos dun dos homes máis polifacéticos e activos que xurdiron nestas terras do Ortegal.

Desde os vinte anos participou na práctica totalidade de movementos cidadáns desta senlleira vila mariñeira: organización de festas; corresponsalías de prensa; colaboración nas asociacións veciñais; concelleiro das primeiras corporacións democráticas; artellamento de grupos deportivos, (especial relevancia acadou a súa participación nos traballos referidos á federación dos equipos locais de fútbol no ano 1.968 e máis recentemente en 1.983). No que respecta ó campo do teatro, Antonio Peña foi cofundador do grupo teatral *Malveira*, participou en varias edicións da prestixiosa Mostra de Rivadabia e percorreu Galicia coa compañía «*As traíñas*». Colaborou vitalmente coas actividades extraescolares; axudou de xeito vital nas competicións intercentros, fomentando as relacións de compañeirismo entre os xoves do Concello; adestrador de fútbol e xogador de elite a nivel autonómico. Actualmente é Presidente da asociación cultural Coral Polifónica de Cariño, que acadou merecida sona froito das súas actuacións en festivais a nivel nacional e internacional.

Agora, no triste momento deste adeus, un sentimento de mágoa percorre as aulas do teu vello Instituto. Coma ti ben sabes, ninguén é profeta na súa terra, por iso nós tan só queremos agradecerche que gracias á túa laboura, o futuro de centos de cariñeses abrise as súas portas con renovados aires de esperanza.

Pola nosa parte, simplemente agardamos que, como fixeches ó longo de toda a tua vida, continúes traballando polo ben de Cariño, de Galicia, e por un mundo mellor.

**¡Gracias Peña!**

(*Xoán Pablo e Tino,*  
Equipo de Redacción do E.N.L. do I.E.S. *Cabo Ortegal*).

Documento científico.

## Un golfiño que fai historia

Na primavera do curso 96/97, uns alumnos avistaron na praia da Basteira un golfiño morto na area, e ó redor del na auga, un grupo destes mamíferos mariños.

Os alumnos avisaron a Mari Vizoso, profesora de ciencias, e nese intre comezou un ambicioso proxecto científico para un pequeno instituto de provincias: recuperar o esquelete do golfiño e colocalo no laboratorio de ciencias.

O primeiro paso foi chamar ó I.H.N. G. (Instituto de Historia Natural de Galicia) para recadar información acerca dos pasos a seguir; a resposta foi positiva e un biólogo do citado instituto veu a Cariño e fixo a autopsia, medición e exame do animal.

O golfiño era un «delfin común macho» e media 1'85 m. de lonxitude, morrera a causa de quedar mallado nun aperello de pesca e tamén presentaba marcas de ataque dalgún pequeno escualo.

O seguinte paso constituíu en quitarlle os ósos ó animal e enterralos durante un ano para que perderan a graxa e os restos de carne, proceso levado a cabo por Mari Vizoso e un grupo mixto de voluntarios de varias clases de ciencias.

Actualmente os ósos están recuperados no laboratorio do centro, preparados para seren colocados e montados cando acabe o traballo de blanquealos con produtos especiais.

¿Quen ía sospeitar que aquel cadáver de golfiño ía saír tres veces no periódico e ser o orgullo e o mellor traballo levado a cabo no Instituto?

*Juan Pablo Alonso Rolle* (Equipo de redacción)



# Os trovadores do Reino de Galicia

Como xa é ben sabido, o Día das Letras Galegas deste ano 1.998 atópase adicada ós tres xogres máis prolíficos do grupo denominado «da ría de Vigo», isto é, MARTÍN CÓDAX, MENDIÑO e XOÁN DE CANGAS. En recoñecemento póstumo da súa laboura, «O Golfiño», vén de elaborar este traballo co ánimo de difundir-la maravillosa e fascinante obra destes auténticos precursores da lingua e da cultura galega.

Na sociedade na que se encadra a literatura galego-portuguesa medieval, recibía o nome de xogar o intérprete de composicións alleas, é dicir, o trovador. Mais iso non impedíu que algún xogar chegara a compoñer el mesmo e que acadara a súa propia e a consideración dos trovadores. E o caso de Martín Códax, Mendiño e Xoán de Cangas. Adoitan aparecer citados polo seu nome e un alcume ou o seu lugar de procedencia. Os xogres podían estar ó servizo dun trovador, e interpretaban as cantigas que este compuña.

## Martín Códax

Xogar vigués do século XIII. A súa vida é un misterio e o único que del se pode dicir é que viviu na época de San Fernando III, xa que coincide coa súa temática e na súa escritura con outros autores da época, e que estivo na corte deste rei e quizais o seguiu nas súas expedicións por terras andaluzas. O *Pergamiño Vindel* (así chamado polo apelido do libreiro que o descubriu no ano 1.914), contén as sete cantigas de amigo coñecidas de Martín Códax. É unha folla de pergamiño do século XIII, do tipo das que levarían os xogres para a súa interpretación. Presenta a excepcional particularidade de que leva a notación musical de seis das cantigas, co que podemos coñecer hoxe a melodía orixinal, polo que se converte nunha das poucas probas que conservamos da nosa música medieval. Este manuscrito pode ser admirado na Pierpont Morgan Library, na cidade de Nova York. Trátase de cantigas monologadas nas que a namorada é o emisor que fala coa nai, coa irmá co amigo, coas amigas ou con elementos da natureza, (característica xeral de tódalas cantigas de amigo). Utilizan como procedementos formais o leixaprén e o paralelismo, principio de estruturación fundamental na cantiga de amigo. As sete composicións son cantigas de refrán, o cal se repite ó final de cada cobra (estrofa). Por ser as rimas tan tradicionais e propias do estilo oral, non debe tomarse como falta a irregularidade métrica.

O motivo máis característico da obra de Martín Códax é o *mar*. Nas cantigas codaxianas destaca o papel que xogan as *ondas do mar* como mensaxeiras ou mediadoras entre a *amiga* e o *amado*, o baño nelas e os namorados mirándoas. Tamén atopamos o tema do *amor* en xeral e da *coita* ou amor non correspondido, que adiviñamos nos motivos da tardanza. A nai, as irmás e as amigas actuarán como confidentes do drama sentimental da doncela.

## As sete cantigas de Martín Códax

### I

*Ai Deus, se sab'ora meu amigo  
com'eu senheira estou en Vigo!  
E vou namorada!*

*Ai Deus, se sab'ora o meu amado  
com'eu en Vigo senheira manho!  
E vou namorada!*

*Com'eu senheira estou en Vigo,  
e nulhas gardas non ei connigo!  
E vou namorada!*

*Com'eu en Vigo senheira manho,  
e nulhas gardas migo non trago!  
E vou namorada!*

*E nulhas gardas non ei comigo,  
ergas meus ollos que choran migo!  
E vou namorada!*

*E nulhas gardas migo non trago,  
ergas meus ollos que choran ambos!  
E vou namorada!*

### II

*Ai ondas, que eu vin veer,  
se me saberedes dizer  
porque tarda tanto meu amigo  
sen min?*

*Ai ondas, que eu vin mirar,  
se me saberedes contar  
porque tarda tanto meu amigo  
sen min?*

## III

*Eno sagrado, en ¡Vigo,  
bailava corpo belido:  
Amor ei!*

*En Vigo, no sagrado,  
bailava corpo delgado:  
Amor ei!*

*Bailava corpo belido,  
que nunca ouver'amigo:  
Amor ei!*

*Bailava corpo delgado,  
que nunca auver'amado:  
Amor ei!*

*Que nunca ouver'amigo,  
ergas no sagrado;en Vigo:  
Amor ei!*

*Que nunca ouver'amado,  
ergas en Vigo. no sagrado:  
Amor ei!*

## IV

*Mandad'ei comigo  
ca ven meu amigo:  
E irei, madr', a Vigo!*

*Comigo'ei mandalo  
ca ven meu amado:  
E irei, madr', a Vigo!*

*Ca ven meu amigo  
e ven san'e vivo:  
E irei, madr', a Vigo!*

*Ca ven meu amado  
e ven viv'e, sano:  
E irei, madr', a Vigo!*

*Ca ven san'e vivo  
e d'el-rei amigo:  
E irei, madr', a Vigo!*

*Ca ven viv'e  
sano e d'el-rei privado:  
E irei, madr', a Vigo!*

## V

*Mia irmana fremosa, treides comigo  
a la igreja de Vig', u é o mar salido:  
E miraremos las ondas!*

*Mia irmana fremosa, treides de grado  
a la igreja de Vig', u é o mar levado:  
E miraremos las ondas!*

*A la igreja de Vig', u é o mar salido,  
e verá i mia madr'e o meu amigo:  
E miraremos las ondas!*

*A la igreja de Vig', u é o mar levado,  
e verá i mia madr'e o meu amado:  
E miraremos las ondas!*

## VI

*Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E ai Deus, se verá cedo?*

*Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado?  
E ai Deus, se verá cedo?*

*Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro?  
E ai Deus, se verá cedo?*

*Se vistes meu amado,  
por que ei gran coidado?  
E ai Deus, se verá cedo?*

## VII

*Quantas sabedes amar amigo  
treides comig'a lo mar de Vigo:  
E banhar-nos-emos nas ondas!*

*Quantas sabedes amar amado  
treides comig'a lo mar levado:  
E banhar-nos-emos nas ondas!*

*Treides comig'a lo mar de Vigo  
e veeremo'lo meu amigo:  
E banhar-nos-emos nas ondas!*

*Treides comig'a lo mar levado  
e veeremo'lo meu amado:  
E banhar-nos-emos nas ondas!*



## Mendiño

Mendiño é un xograr galego, do primeiro tercio do século XIII, sobre o que sábese moi pouco. Pénsase que naceu nalgún punto da ría viguesa. Só conservamos da súa autoría unha única cantiga de amigo, máis concretamente do subxénero coñecido como *mariñas*, que aparece rexistrada tanto no Cancioneiro da Biblioteca Nacional como nos da Vaticana, pero a partir de aí non hai máis rastro del. É o típico exemplo de pervivencia dun único texto poético, que, pola alta calidade artística que presenta, nos conduce a pensar na existencia dun número maior de publicacións que hoxe estarían perdidas. Do mesmo xeito que acontece nas cantigas de Xoán de Cangas e de Martín Códax, tamén na cantiga de Mendiño hai unha referencia espacial moi clara, que non é outra máis ca famosa illa de San Simón. O pequeno arboredo situado no medio da ría de Vigo.

Na cantiga, o poeta preséntanos a senlleira figura dunha muller arrodada polas ondas e combatida pola mágoa dun amor desdeñado. Alí agarda a moza ó amigo, mentres o mar énchese cun son ameazador de pleamar. o cerco das



ondas estréitase a cada momento, e a namorada desespérase porque non ten a un barqueiro que a arrinque do seu tráxico illamento. O amigo non chega e ela vese morrer ó pé da ermida.

*Sediam'eu na ermida de San Simón  
e cercáronmi as ondas, que grandes son:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*Estando na ermida ant'o altar  
e cercáronmi as ondas, que grandes do mar:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*E cercáronmi as ondas, que grandes son:  
non ei barqueiro, nen remador  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*E cercáronmi as ondas do alto mar,  
non ei barqueiro, non sei remar  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*Non ei barqueiro, nen remador,  
morrerei fremosa no mar maior:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*Non ei barqueiro, non sei remar  
morrerei fremosa no alto mar:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

## Xoán de Cangas

Este xograr galego ten a súa orixe en Cangas do Morrazo, máis concretamente na parroquia de Aldán. A procedencia está apoiada na tese de aparecer situado no hipotético cancionero de Xograres Galegos, xunto con outros dos que xa se coñece con certeza esta orixe galega. A súa obra poética comprende tres cantigas de amigo, concretamente da variante coñecida como cantigas de *romaría*, nas que existen continuas referencias xeográficas propias da súa zona, como por exemplo a ermida de San Mamede do Mar, situada aínda hoxe en día na parroquia de Beluso, en Bueu (Pontevedra).

### I

*En San Mamed'u sabedes  
que viste-lo meu amigo  
o'ouver'a seer amigo;  
mia madre, fe que devedes,  
leixedes-mi-o ir veer.*

*O que vistes esse día  
andar por mi mui coitado  
chegou-m'ora seu mandado;  
madre, por Santa María  
leixedes-mi-o ir veer.*

*Pois el foi d'atal ventura  
que sofreu tan muito mal  
por mi e ren non lhi val,  
mia madre e po mesura  
leixedes-mi-o ir veer.*

*Eu serei por el coitada  
pois el é por mi coitado;  
se de Deus ajades grado,  
madre ben aventurda,  
leixedes-mi-o ir veer.*

### II

*Fui eu, madr', a San Mamed'u me cuidei  
que veess'o meu amigu'e non foi i;  
por mui fremosa que triste m'en parti  
e dix'en como vos agora direi:  
pois (meu amigu') i non ven, sei ua ren:  
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.*

*Quand'eu a San Mamede fui e non vi  
meu amigo con que quisera falar,  
a mui gram sabor, nas ribeiras do mar,  
sospirei no coraçon e dix'assi:  
pois (meu amigu') i non ven, sei ua ren:  
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.*


*Despois que fiz na ermida oraçon  
e non vi o que mi quería gram ben,  
con gram pesar filhou-xi-me gram tristen  
e dix(i) eu log'assi esta razon:  
pois (meu amigu') i non ven, sei ua ren:  
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.*

### III

*Amigo, se mi gram ben queredes,  
id'a San Mamed'e veer-m'edes:  
oje non mi mençades, amigo.*

*Pois mi aqui ren non podedes dizer,  
id'u ajades comigo lezer:  
oje non mi mençades, amigo.*

*Serei vosqu'en San Mamede do Mar,  
na ermida, se mi-o Deus aguisar:  
oje non mi mençades, amigo.*



Traballo realizado por:  
-Constantino Piñeiro Cajete  
-Francisco Xabier Díaz Fragüela  
(Equipo de Redacción do E.N.L.)



# ¡CUIDADO! A SANTA COMPAÑA:

*Case todo o mundo cre na Santa Compañía, algunhas persoas contan as historias que lles pasou con ela. O meu bisavó é unha delas, el contoulle esta historia á miña nai, e ela contouma a min, e eu a vos.*

«O meu bisavó vivía en Carballo, na comarca de Bergantiños nos anos póstumos á guerra civil Española, e tódalas noites ía cuns veciños ás minas de Wolframio, *un mineral que brila con calquera luz*, a coller uns sacos del, logo vendelo e así poder alimentar á súa familia, pero unha noite de lúa chea o meu bisavó foi chamar ós seus veciños e cun pouco máis de medo que de costume, foron para a mina. Enchendo o último saco e coas pernas temerosas o meu bisavó levantou a vista e mirou cara ó horizonte onde viu entre a sombra dunhas árbores unhas luces brillantes, pensou que era o wolframio que brillaba coa luz da lúa pero ó achegarse un pouco máis veu como esas luces se movían, como se foran almas en pena, como buscando a quen poderlle entregar a cruz, o meu bisavó tivo tanto medo que lembrou unha das cousas que tiña que facer se vía á Santa Compañía, e sen avisar ós seus veciños fuxiu cara a súa casa onde pechou tódalas fiestras e portas ata o día seguinte.

Non volveu ás minas de Wolframio pero intentou alimentar a súa familia doutra maneira.»

*Esta foi a historia do meu bisavó, desexo que vos gustara.*

*Se ti tamén cres na Santa Compañía e se por algunha casualidade a encontrades por algún carreiro tes que face-lo seguinte:*

- \* *COLLER UNHA CRUZ, OU MESMO AGARRATE A UN CRUCEIRO.*
- \* *FACER UN CIRCULO NO CHAN E METERTE NEL.*
- \* *SAIR FÓRA DO CAMIÑO POR ONDE PASE ELA.*
- \* *CANDO CHE QUEIRA DAR A CRUZ, ABRIR OS BRAZOS E DICIR:*  
**«EU XA CARGO COA MIÑA CRUZ»**

LÉMBRATE

AUTORES:

– **MARÍA GARROTE DÍAZ**

– **BORJA GUERRERO PARAPAR**

(3.º E.S.O. A)

# O MAR


A pobre Carmela xa había como dous anos que regresara do pobo, aínda conservaba esa expresión inxenua que mudaba de cando en vez ante calquera cousa inesperada.

Soía dicir que podería estar toda a súa vida mirando ó mar. Inspiráballe tranquilidade e paz, dicía que era a cousa máis bela que vira dende que nacera, pese a iso, ela era incapaz de bañarse nel, como moito, podería mollar os seus pequeniños e fermosos pés nas súas augas, e moitas veces nin iso.

Pese a que todo o mundo lle falaba en castelán, esa lingua privilexada para moitos, e aborrecida por outros. Ela seguía a conservar a lingua que falaba dende pequena «o galego», un galego enxebre, de pobo, con abundantes vulgarismos e dialectalismos, con ese acento doce e musical galego. Carmela entendía perfectamente o castelán, pero non cedía ante as continuas alusións que lle invitaban a cambia-lo seu medio de expresión. Afirmaba que entre tanto luxo e modernidade era o único que lle recordaba as súas orixes, o seu campo, os seus pais.. .cousa que por máis que se empeñaran xamais borraría da súa mente.

Eles, os seus pais, morreran hai agora dous anos, por iso ela abandonou o seu pobo, chea de rabia e amargura. Non entendía como a vida podía quitarlle o que máis quería no mundo, e nin sequera agora despois de vinte e catro meses o comprendía. Dicía que como non se resignou a converterse en orfá, tampouco o fará a abandona-lo galego.

O que máis lle extrañaba ó mundo era como ela amaba tanto ó mar, sendo nel onde os seus pais morreran. Supoño que ás veces a xente é máis inxenua ca pobre de Carmela, ela esperaba que así como o mar lle roubou ós seus pais, llos devolvería calquera día. Ilusións dunha moza parva, dicían moitos, pero se non fose por esas ilusións parvas moitos deixaríanse afogar no mar.



*M.<sup>a</sup> del Carmen Armada Rodríguez (2.º Bach. A)*

# CRÓNICA DUN AMOR

As árbores comezaban a florecer. As súas flores relucían de beleza máis cando o rocío derramaba bágoas como bágoas de dor nun rostro ferido, o seu resplandor facíase colosal. O sol brillaba como brillan os ollos dunha moza namorada. O ceo non deixaba lugar para nubes brancas. Tan só cando anoitecía as estrelas alumeaban o lúgubre camiño polo que tódalas noites camiñaba unha rapaza agardando o seu amor.

Unha de tantas noites saíu a pasear, nembargantes esa noite ía suceder algo que nin ela se imaxinaba. O trinar dun paxaro alarmouna e de súpeto, na arrepiante escuridade da noite, escoitou o galopar dun cabalo que paseniñamente chegou á súa beira. Os seus ollos puideron ver un forte home que agochaba o seu rostro baixo un sombreiro de grandes dimensións e cubría o seu corpo cunha negra capa longa. Baixou do cabalo, sen dicir palabra algunha quitou o sombreiro, os ollos de ámbolos dous miráronse fixamente, e ó achegarse, os seus corazóns bombearon sangue coma endexamais o fixeran.

¡Nacera o amor para nunca morrer!


*Berta e Sara* (1.º B)



# ALGO QUE OCORRE

¿Por que non valoramos o noso? ¿Que é o que nos leva a querer ser coma os demais? A nosa personalidade lévanos ás veces a ser fortes e orixinais e outras veces a ser do máis vulnerables. Hoxe en día a nosa cultura está tentando imitar á anglosaxona ou americana e nós preguntámonos por que non falamos galego e por que non defendemos Galicia e a nosa cultura con unllas e dentes. A nosa música está en inglés, ¿por que? O noso país está cheándose de hamburgueserías e comida basura. ¿Canto durará a nosa cultura con esta actitude? A verdade é que este tema chega a ser certamente preocupante. A nosa terra, cunha lingua propia, cun patrimonio propio, ten que alousa-la súa forte personalidade, loitar polos nosos ideais. ¿Por que os americanos son os donos do mundo? Penso que a Unión Europea é unha grande iniciativa pero non para nos enfrentar a U.S.A., senón para facerlles pensar que os europeos somos moi europeos, os españois moi españois, os galegos moi galegos, e por suposto os carriñeses moi carriñeses. Se naciches nun sitio e te estás criando nel, algunha raíz deberás levar ¿non? Haberá algo que nos diferencie. Quizais moita xente só vexa nos galegos ese doce acentiño que temos, pero os galegos somos moito máis, e témolo que crer. A nosa cultura é forte e estupenda, e non podemos vivir sometidos a outra cultura. Seguramente é unha utopía pensar que poidamos vivir en harmonía cada un defendendo os nosos ideais e compartindo os rasgos e características da nosa cultura, pero probablemente poidamos chegar a un estado de benestar, só hai que poñerse. É unha cuestión de principios. Eu son a primeira que só teño música inglesa e americana, pero é a miña personalidade, non a podo cambiar. Eu tamén son a primeira que quero ó Barça antes que ós equipos galegos, pero son así, nacín así e non penso cambiar. O que teño moi claro é que os galegos temos algúns rasgos que nos diferencia do resto e, repito, someternos a outras culturas non é a mellor forma de solucionalo. ¿Realmente é un problema? ¿Non somos felices vestindo levi's, escoitando Metallica e «facéndonos americanos»? Eu só expoño algo que me parece interesante e que está acadando cotas bastante importantes. Somos galegos ¿ou non? (Probablemente eu sexa unha cínica e esta unha mostra do meu cinismo)

*Lucía Orizales Teijeiro (1.º B)*





*Muller de tan gran corazón,  
ei que tanto lle deches a Galicia  
pola túa boa razón e a túa grande lección,  
Crocaches a nosa terra  
e cultíaches a nosa lingua  
e traxíste das túas verbas choro de amor e moerúa.  
Lamentámote nos conxóns á longo da nosa vida  
a ti, muller de coraxe, que leitaches pola nosa terrinha.*

1º Bacharelato " B "

## AÑORANZAS


¡Ai Xente da miña terra  
¿por que tedes que emigrar  
tan lonxe de onde nacestes  
para poder traballar?

Botaredes de menos o arrecendo da nosa Galiza,  
as romarías, os ríos, as pequenas aldeíñas,  
que se perden neses montes verdes cheos de vida.

O cantar dos seus paxaros,  
o dourado amencer,  
e todas esas cousas que nos fan lembrar  
o que aquí temos que por nada o hei cambiar.

Miña Galiza, miña terra,  
cando lonxe de ti estou,  
boto de menos os ríos,  
os piñeirais, o frescor  
dos verdes campos, o rocío, o amencer,  
e o dulce canto dos paxaros que me fai estremecer.

*Lucía Arcos Ramonde (2.º A)*



Non sei como dicirche que  
me falta a vida cando ti non estás.  
Non sei como dicirche, dalgún xeito  
que es a miña existencia e que  
non hai nada máis aló que ti.

Os minutos fanse horas  
cando non estás aquí,  
e as xistras tempestades  
cando non estás ó meu lado.

Es a solución a tódolos  
meus problemas, e o tranquilizante  
ás miñas inquedanzas...

...Es a vida, es o aire,  
es o meu amigo, es o meu amante.  
Non sei como dicirche  
que morro por tí non sei como  
dicirche que te quero...

*Belén Piñeiro Cribeiro (1.º B)*



# MIÑA CASA, MEU FOGAR

En saíndo da miña casa,  
mirei pola fiestra dourada.  
Se por dentro quedaba moura,  
por fóra morta quedaba.

Cantas veces se oíran  
alegres cantos na miña casa,  
e agora cantos tristes,  
cando sen querer a deixaba.

Por fóra quedaba morta,  
por dentro moura quedaba,  
cal queda o paxariño  
que do niño se esbara.

Cando tristeza oía  
en saíndo da miña casa,  
non quixen mirar máis pola fiestra  
por mor que de angustia me afogara.

Fora noutros doces tempos  
loubada a miña rica casa,  
e agora, pola mala fortuna,  
ascos lle botaban.

Cando diñeiro tiña,  
tamén amigos tera  
e agora que me roubaron a fortuna miña  
a amizade ensombrecera.

Tórcenme a cara cando paso,  
cando paso cúspenme nela  
encinzan o meu nome  
os que me coñecían, xa non me coñeceran.

En saíndo da miña casa  
mirei para a miña eira,  
so un velliño quedaba  
dicíndome adeus dende aleira.

Agora marchó esfarrapado  
cal marcha un can famento,  
mais cando volte  
hei de traer bo sustento.

Noutros días, oía: os paxariños  
cantando ben ledos,  
e agora que marchó  
xa non cantan, fican quedos.

Quen poder tivera,  
suficiente para recobrar a fortuna,  
que eu ós pobres axudaba,  
e agora os pobres me axudan.

Ascós me fan cando paso,  
ascós me fan se me quedo,  
a estos porcos noxentos  
eu non os entendo.

Mais agora que me marchó,  
sen ter moito tento,  
xa voltarei farto e cheo,  
lixeiño coma o vento.

E cando rico me vexan,  
e corran cos brazos abertos,  
eu hei de dicirlles:  
«para min non corrades, que eu non vos coñezo».

*ANDRÉS CARLOS MARTÍNEZ RIVEIRA (4.º E.S.O./A)*


# Visita á CASA MUSEO OTERO PEDRAYO

O murmurio da agua foi a primeira voz que escoitamos ó chega-lo pazo de Trasalba. Algúns de nós achegábonos á fonte para senti-la súa frescura nas nosas mans mentres corríamos o risco de mollarnos se nos acercábamos demasiado. Os outros agolpábanse na entrada ou camiñaban libres por riba da herba que cubría o chan. Pero logo tivemos que entrar, e pisa-la escaleira de pedra que nos conducía ó interior do pazo e nos arredaba, por uns instantes, do verde natural sobre o que estaba ergido.

Trala porta de madeira comezaba o corredor, estreito e sinxelo. As súas paredes suxeitaban varios manuscritos do escritor e acompañaban diferentes artigos de prensa que se repetían ata o final. Logo torcía á dereita, deixando atrás a cociña, e interrompíase en estancias cada vez maiores. Pero noutras malia ser pequenas era imposible respirar a soidade. No escritorio de Otero Pedrayo durmían as ideas e no cuarto da súa nai voaban oracións mudas do interior dun santuario.


No comedor centenaes de libros estaban recollidos nas vitrinas. As teteiras e sopeiras expoñíanse por igual a través do cristal. Diante súa, unha mesa pequena e catro sillas. Á esquerda, portas que se abrían ó balcón. O chan, de madeira, era sensible e os nosos pasos soaban ocos no auditorio en que se transformara a planta inferior. Na sala principal a luz filtrábase a través das ventás e do teito penduraba unha gran lámpada de cristal. Toda ela era espaciosa e ben iluminada ó aparta-la cortinaxe. Os cadros e retratos que adornaban o cuarto descubriáanse diante dun enorme mapa de Galicia. Pois Galicia está sempre presente na memoria de Otero Pedrayo e convírtese no escenario das súas novelas e relatos. Esta imaxe terá moito que ver coa historia de **Arredor de si**.

Ó sair ó balcón recobramos a vista ilusoria da paisaxe. O sol calentaba por riba das nosas cabezas e a brisa achegábase a refrescarnos. Outra vez fóra observábase-lo movemento dun parrulo sobre as augas do estanque. Pero ó final, todos xuntos, retratámonos nunha foto.



nome de "Virxe do Leite" en honor á escena que representa a nai co seu fillo. As capelas da xirola están ocupadas por cinco retablos neoclásicos.

Nos claustros –Claustro dos Cabaleiros, Claustro dos Pináculos e Claustro dos Medallóns– resalta a súa peculiar



composición estética. O Claustro dos Medallóns é posiblemente o máis chamativo dos tres pois nas súas paredes figuran corenta medallóns con caras de personaxes ilustres. A Sala Capitular ou «Sala das Palmeiras» está sustentada sobre catro columnas. A diferenza de tódalas demais que se poden ver no mosteiro, estas presentan nerviaduras que se que se retorcen sobre si mesmas e que ascenden cara o teito a modo de palmeiras, que se entrelazan nas bóvedas.

Actualmente o mosteiro de Oseira está habitado por 17 monxes pertencentes á orde cisterciense.

Ademáis de adicarse á lectura litúrxica, ó canto e á oración, realizan outros traballos. Ben coñecida é, por exemplo, a súa elaboración de licor de eucalipto ou a preparación de pastas de modo artesanal.


## Visita ó MUSEO ETNOGRÁFICO DE LISTE

O can aínda estaba agardando por nós cando saímos do mosteiro de Oseira e o certo é que tamén nos acompañou de camiño ó museo de Liste. Realmente non se atopaba moi lonxe de donde nos encontráramos.


O Museo Etnográfico de Liste non pretendía ofrecer ó público unha simple exposición senón que ademais intentaba transmitir o simbolismo da cultura galega a través dos seus anos de historia. Os máis de 6.000 apeiros que recolle o Museo de Liste pertencen a 60 oficios distintos e representan a evolución do pobo galego no desenvolvemento de novas técnicas para a elaboración dun traballo. Os ferreiros, muiñeiros, afiadores e fiandeiras, case esquecidos na actualidade, aparecen representados a través de diferentes utensilios e artes empregadas ó xeito tradicional.

A primeira estancia que visitamos correspondía ó oficio do ferreiro. Os apeiros, herdados maioritariamente dunha familia galega do século XVIII, ubicábanse moi preto de xugos, rodas de carro e algúns arados que penduraban do teito ou descansaban sobre unha estrutura no chan, entre eles o «Besadoiro». Pois sí. Este arado, que data do século XIX, era capaz de afondarse máis de 60 centímetros na terra (de aí o seu nome: «besar» a terra) distinguíndose non só pola súa utilidade para sementa-lo millo senón tamén polo seu tamaño: é o máis grande do mundo.

Nun lateral o ferro adoptaba formas curvas e movementos forzados. Manso, uniforme e elaborado constituíase en aveños e ornamentos que sobresaían en relevo da parede. A carón da entrada, nembargantes, daba forma a unhas baionetas de Oseira.




De repente algúns de nós quedamos en silencio. O historiador abreu a vitrina e sacou unha especie de tesoiras con dentes. Non dixo máis nada. Soamente calou despois de prometer un premio para quen adivinase de qué se trataba. Pero ninguén o sabía e todo o mundo deixouse levar pola súa imaxinación. Estivemos soltando palabras ó chou durante algún tempo pero ó final, o home tivo que rompe-lo seu silencio e descubri-lo enigma. Nin tesoiras nin instrumento de ortodoncia. Aquel aparello servía para pescar anguías no río (quen o diría).



O igual que este, tódolos utensilios que se amosan no Museo de Liste resultaban sorprendentes, aínda que non tanto como averigua-la súa utilidade. En todo momento era a curiosidade a que guiaba os nosos pasos e non as palabras que estabamos escoitando. Viaxar ó pasado era unha experiencia apaixonante aínda que, como tódolos bos momentos, tivera que acabar de contado.


A luz artificial que iluminaba o cuarto recaía sobre moitas formas distintas. Algunhas delas non se distinguían con claridade e case se escondían baixo unha sombra débil que se proxectaba nas esquinas de pedra do cuarto. Debido á falta de espazo, moitos obxectos xacían próximos entre si e, por iso, ningún deles tiña a posibilidade de destacar


sobre os demais. A súa estrutura ou o descoñecemento eran os motivos que nos levaban a fixarnos neles. Tratábanse, na súa maioría, de apeiros empregados para as labores do campo, con características diferentes dependendo do seu lugar de procedencia. A outra gran parte constituíase no oficio do ferreiro. Deste grupo ensinábase, por exemplo a denominada «arca laxe»: conxunto de chaves coa súa propia historia.




Abaixo, en primeiro plano, un muiño de man.  
No centro. En segundo lugar,  
un carro de bois.

Apeiro de labranza que,  
tirado por animais,  
servía para alisa-la terra  
despois de labrar.  
Procede de Monteceso.






Conxunto de signos que, sobre a bola de pan, permitía identifica-lo seu peso



Instrumento de madeira empregado antigamente polos mestres para pegar, na escola, ós seus alumnos



A tecedoira de liño

Comezaba a atardecer. O tempo parecera deterse no interior do museo mentres exercía o seu dominio sobre espacio exterior. A luz volvíase escura e depositaba as primeiras sombras na paisaxe. O can do mosteiro veu canda nós. Tal vez, agardando a ser afortunado como entonces, saltaba as nosas mans ou fitaba con ollos compracentes. Pero o único que recibía era as nosas caricias. O autobús cerrou as súas portas e púxose en camiño. No ceo o sol espremía os seus últimos raios de luz mentres no autobús se rachaba de novo o silencio.





Este traballo foi realizado por:

- Lorena Pérez Abad
- Xesús M. Villar Bellón







ANTÓN PREGO '86

# DÚAS PÁXINAS MOI LÓXICAS

## CHORRADIÑAS.

Estas chorradiñas iniciais valeranche de entramento para resolver os outros entretemos que veñen despois. Só un consello: Pensa «con lóxica».

1. Dúas moedas suman trinta pesetas e, sen embargo, unha delas non é un peso. ¿Que moedas son?
2. Unha cuestión de relixión, ¿sabedes se a igrexa católica permite que un home se case coa irmá da súa viúva?
3. Unha pregunta de lingua: ¿como se debe dicir, a xema é branca ou as xemas son brancas?
4. Un problema de trigonometría: Nunha determinada casa as dúas ás do tellado teñen diferente inclinación, unha ten unha inclinación de  $60^\circ$  e a outra de  $70^\circ$ . Supoñemos que un galo pon un ovo exactamente no cumio, ¿para que lado do tellado caería o ovo?
5. Algo máis de matemáticas, ¿sabedes cal é o menor número enteiro positivo que pode escribirse con dúas cifras?
6. E para rematar o entramento, como xa sodes uns expertos lóxicos, unha cuestión de dereito internacional: Se un avión se esnafra na fronteira entre Estados Unidos e Canadá, ¿en que país haberá que enterrar ós supervivintes?

## O MISTERIO DOS COFRES DE PORCIA.

En *O mercador de Venecia*, de Shakespeare, Porcia tiña tres cofres –un de ouro, outro de prata e outro de chumbo–, e dentro dun deles había un retrato dela. O pretendente tiña que elixir un dos cofres e se tiña sorte (ou intelixencia) elixiría o que tiña o retrato, podendo así pedir a Porcia por esposa. Na tapa de cada cofre había unha inscrición para axudalo a elixir sabiamente.

Pero supoñamos que Porcia quixese elixir marido, non por bondade, senón por intelixencia. Tería as seguintes inscricións nos cofres:

| Ouro                       | Prata                   | Chumbo                              |
|----------------------------|-------------------------|-------------------------------------|
| O retrato está neste cofre | O retrato non está aquí | O retrato non está no cofre de ouro |

Porcia explicóu ó seu pretendente que dos tres enunciados, como máximo un era verdade. ¿Que cofre debe elixir o pretendente?

O pretendente elixíu correctamente, así que casaron e viviron bastante felices... polo menos durante algún tempo. Pero un día Porcia pensou: «Aínda que o meu marido demostrou certa intelixencia ó escoller o cofre bo en realidade o problema non era tan difícil. Sen dúbida podía poñer un problema máis difícil e conseguir un marido realmente intelixente». Así que se divorciou inmediatamente decidida a casar con outro máis listo.

Esta vez nos tres cofres aparecerían as seguintes inscricións:

| Ouro                             | Prata                   | Chumbo                     |
|----------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| O retrato está no cofre de prata | O retrato non está aquí | O retrato está neste cofre |

Porcia explicou ó pretendente que polo menos un dos tres enunciados era verdadeiro e que polo menos outro era falso. ¿En cal dos cofres está o retrato?

Resultou que o primeiro que se presentou foi o exmarido de Porcia que acertou o cofre correcto por segunda vez. ¿Estarías ti en condicións de casar ou de asesorar debidamente a quen quixese casar as dúas veces con Porcia?

## A CADEA.

A un ferreiro truxéronlle cinco cachos de cadea, de tres aneis cada un, e encargáronlle que os unise formando unha cadea continua.



Antes de poñer mans á obra, o ferreiro comezou a pensar sobre o número de aneis que tería a necesidade de cortar e forxar de novo. Decidiu que lle faría falla abrir e pechar catro. ¿Non é posible facer este traballo abrindo e pechando o menor número de aneis?

## SEMINARIO DE MATEMÁTICAS:

Ana Iglesias Lauda  
Luz Pazos García  
Rosa Miña Mena

..... Recorta por esta liña .....  
e entega a parte de abaixo a algún membro dos Seminarios de Filosofía e Matemáticas antes do 1 de Xullo. Entre os que acerten todas as respostas sortearemos uns premios moi lóxicos.

## SOLUCIÓNS:

### Ás CHORRADIÑAS:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.

## O MISTERIO DOS COFRES DE PORCIA:

A primeira vez o retrato de Porcia está no cofre de \_\_\_\_\_, porque non pode estar no cofre de \_\_\_\_\_ nin no de \_\_\_\_\_, xa que \_\_\_\_\_

A segunda vez o retrato de Porcia está no cofre de \_\_\_\_\_, porque non pode estar no cofre de \_\_\_\_\_ nin no de \_\_\_\_\_, xa que \_\_\_\_\_

## Á CADEA:

Eu penso que é necesario abrir e pechar só \_\_\_\_\_ aneis.

Faranse do seguinte xeito \_\_\_\_\_

O meu nome é \_\_\_\_\_ e estou no curso \_\_\_\_\_

## ADIVIÑANZAS

Marmorea, mar non é  
espiña ten, pescado non é.

Ten boca e non come,  
ten pés e non anda, ten  
cu e non caga.

Unha señora en señoritada  
chea de remendos,  
sen ningunha puntada.

Pelo por baixo, pelo por riba,  
e no medio unha cousa viva.

Andar, andar  
e nunca chegar

Zuncorondullo andaba na feira,  
no medio inchaba,  
no rabo roncaba,  
Tiña orellas e zangoneaba.

¿Que é unha cousa que vai de buraco en buraco e leva as tripas arrastro?

## XADREZ

Actualmente se dan clase de xadrez no Instituto (os luns pola tarde de 16 a 18 horas). De cara ó próximo curso o noso obxectivo inmediato é formar un equipo, polo tanto, invitámosvos a participar.

Para calquera pregunta acudide a falar coa dirección do Instituto.



*Equipo de Normalización Lingüística*